



**ACTA Nº 6 DA MESA DE CONTRATACIÓN.  
CONTRATO DE OBRA "RECUPERACIÓN DUN ÁMBITO SOCIAL. ANTIGO CAMPO DA  
ATALAIA. REFORMULACIÓN DA RÚA ATALAIA".**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

**Vogais:**

- D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns (Concelleira D. Facenda).
- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro D. Promoc. Económica).
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

**Secretaria:**

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

**HORA DE INICIO:** 09:55 horas.

**HORA DE REMATE:** 10:10 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **9 de novembro de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato de obra "Recuperación dun ámbito social. Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da Rúa Atalaia" (cláusula 15<sup>a</sup> do Prego- tipo de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

**ÚNICO.- Cualificación da documentación presentada polo empresario proposto para a adxudicación do contrato de obra "Recuperación dun ámbito social. Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da Rúa Atalaia".**

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta da presentación polo empresario GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.LU., dentro do prazo outorgado ao efecto, da documentación que lle foi requirida por decreto da Alcaldía núm. 684/2017, do 19 de outubro, consonte ao previsto na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, e que é a seguinte:

1. Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
2. Garantía definitiva por importe de 6.970,86 euros, equivalente ao 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE.
3. Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato, polos medios que indican os pregos.
4. Documentación acreditativa do cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración (cláusula 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares).

Examinada a documentación presentada polo licitador, compróbase que se axusta ao previsto na cláusula 16<sup>a</sup> dos pregos de cláusulas administrativas particulares e verificase a súa integridade e corrección.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Declarar cumprido polo empresario GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.LU. o requirimento de achega da documentación necesaria para a adxudicación ao seu favor do contrato de obra "Recuperación dun ámbito social. Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da Rúa Atalaia".

**Segundo.-** Dar conta deste acordo á Alcaldía- Presidencia, en canto órgano de contratación, para os efectos da adxudicación do contrato de obra "Recuperación dun ámbito social. Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da Rúa Atalaia", previa a fiscalización do expediente pola Intervención municipal.

Porto do Son, 9 de novembro de 2017.

**Presidente,**

  
D. José Luis Oujo Pouso.

**Vogal,**

  
D.ª María José Maneiro Quintáns.

**Vogal,**

  
D. Antonio Romero Ribeiro.

**Vogal,**

  
D.ª M.ª Mar Lirola Delgado.

**Vogal,**

  
D. José Manuel González García.

**Secretaria,**

  
D.ª M.ª Carmen Monzón Rodríguez.